

Nota aclaratoria en relación co proceso de manifestacións de interese na participación nunha sociedade privada con participación da Xunta de Galicia, cuxo obxecto será a posta en valor dos recursos naturais de Galicia.

Co fin de clarificar o Anuncio do 12 de xuño de 2023 polo que se invita aos operadores económicos e investidores a manifestar o seu interese na participación nunha sociedade privada con participación da Xunta de Galicia, e cuxo obxecto será a posta en valor dos recursos naturais de Galicia, efectúanse as seguintes aclaracións:

I. Aclaracións ao proceso e formulario de participación

A participación no proceso de manifestación de interese non xera ningún tipo de vinculación para os operadores económicos e investidores interesados. O obxectivo da Xunta de Galicia co proceso de manifestacións de interese é identificar a operadores económicos ou investidores interesados en explorar a súa incorporación ao capital social desta sociedade privada xunto coa Administración autonómica galega.

No formulario de solicitude de participación, **unicamente é necesario detallar a información de contacto do solicitante e a contía da aportación que,** en principio e de forma orientativa e non vinculante, **o operador económico ou inversor se manifesta interesado en aportar ao capital social da sociedade.** O resto de información ten un carácter opcional.

II. Información adicional

En caso de necesitar calquera tipo de aclaración ou información adicional poderase contactar directamente a través do correo electrónico mdi.patrimonio@xunta.gal.

Santiago de Compostela, 21 de xuño de 2023